

O Pindo, o Ézaro, Galicia e os romanos

Este conto ocorreu cando os romanos dominaban o que hoxe se coñece como Galicia. Nunha aldea ao pé do Monte Pindo vivía unha bela rapaza, teimuda e rebelde coma ela soa, que estaba cansa de que os romanos abusaran do seu pobo.

- "Déixaos, ante as poderosas lexións non podemos facer nada, os deuses non están conosco" diciánlle os seus veciños e amigos.

Un día, farta de aturalos a todos, decidiu parolar con presenza divina e subiu ao cumo do monte que a contemplara dende o seu nacemento, o Pindo, morada dos seus deuses .

Ao chegar invocounos para pedirilles respostas e solucións ante o seu abandono e o seu problema. Cando o rito acabou, levantouse unha grande tormenta, con lóstregos e tronos e un vento do norte que conxelaba os ósos .

-Quen se atreve a despertarme,- dixo un home, vestido ricamente, que descendía entre as nubes da forte tormenta- a min, a Reva, deus de deuses, da xustiza, da xerarquía e da morte?.

-Son eu, Galicia, a túa serva- contestou a rapaza.

-Non son tolerante con quen se burla de min ¡Dáme unha boa razón para a miña invocación se lle tés aprecio á túa vida, mortal!-exclamou enfadado o deus.

-Os romanos, estranxeiros que invadiron a nosa terra, asoballan á nosa xente co seu poderoso exército e os seus elevados impostos. Algúns pensan que nos abandonastes e outros ata empezan a dudar da vosa existencia.

-Esta terra ha de ser vosa, de ninguén máis, con ese obxectivo foi creada. Debes ir onda o gobernador romano para comunicarlle que escolla un paladín que loitará contra un guerreiro da miña elección, se se nega, terribles desgracias caerán sobre el e os seus, faille saber tamén que é unha mensaxe dos deuses- E Reva desapareceu, tras dun raio fulminante, tan rápido coma a súa tormenta

Galicia correu ata chegar ó seu pobo, onde todos estaban alarmados pola terrible tronada. Ignorando o caos correu onda o seu prometido, Ézaro, que lle preguntou, asustado, se estaba ben. Sen responder á súa pregunta, Galicia, espetoulle:

-Debemos ir a Lucus Augusta ver ao gobernador romano, Reva, un dos nosos deuses, así o desexa.

O seu mozo, que a quería con loucura, preparou a equipaxe para marchar sen facer moitas preguntas, xa que confiaba nela . Ao día seguinte xa estaban en marcha.

Ao chegar á cidade, Galicia quedou abraiada pola súa beleza, xa que ela nunca saíra da súa vila. Nada máis entrar, dirixíronse ao palacio do gobernador, onde pediron unha audiencia e esperaron a súa quenda. Cando este chegou foron onde os ía recibir. Ó entrar, o mandatario fixo un xesto de noxo ao velos.

-Vimos a transmitirvos unha mensaxe dos deuses, gobernador- dixo Galicia inclinándose.

-Escóitovos- dixo o xefe dos invasores mirando para outro lado e cambiado a expresión noxenta da súa cara por outra aburrída e distraída.

Despois de comunicarlle a mensaxe, o alto cargo respondeulles de xeito burlón:

-Os vosos deuses imaxinarios desafíanme a min, o gobernador romano de Gallaecia, a manter unha loita contra eles? -dixo soltando grandes gargalladas entre palabra e palabra- Debería executarvos aos dous, pero como son benévolo, estou aburrído nesta soporífera cidade e isto é o máis divertido que me ocorre en meses, deixareivos vivir e irei convosco.

Ao cabo duns días atopábanse todos no cume do Pindo. O gobernador e o seu séquito a un lado e os habitantes da vila enfronte deles, formando así un extenso círculo. Galicia comezou a invocación e cando Reva descendeu á terra, todos agás ela quedaron abraiados e atemorizados de verdade.

-Vós, demos estranxeiros, que destruídes esta terra e á súa xente, se o voso paladín gaña esta batalla, esta terra será vosa ata que o voso imperio mortal sexa destruído.

-O imperio romano é indestructible, invencible- dixo ultraxado o gobernador romano.

-Cala ti, langrán! Non quererás anoxar a un deus, ¿verdade? Pero se o meu valente guerreiro sae victorioso- continuou Reva- irédevos de aquí para non volver endexamais.

-¡Já! Iso é entregarnos moi facilmente Gallaecia. Aurelio!- dixo dirixíndose a un soldado con armadura de ouro, con espada e un grande escudo de ferro- enfróntate a calquera destes bárbaros que se declare loitador da deidade.

-Quen será o meu soldado nesta guerra contra este increíble arlequín?

Dende os castrexos, deu un paso adiante Ézaro, quen gritou a Reva e a todo aquel que tivera oídos para escoitalo:

-Por Galicia, pola miña xente e pola miña terra, ¡o que faga falta!

-Ti, valente guerreiro colle estas armas - dixo Reva sacando da súa capa o casco, a espada, a vestidura forte de peles e un escudo circular de madeira- Disponte a abater ao soldado inimigo.

Sen vacilar, Ézaro colleu o que o deus lle deu . Cando estivo listo, comezou o combate. Desgraciadamente para os castrexos, este durou pouco, xa que as habilidades de loita de Ézaro non estaban á altura das de Aurelio, que lle cravou a súa espada . Da ferida saíu sangue ata darlle ao Pindo a cor encamada que ten hoxe en día. A rapaza comezou a chorar desconsoladamente polo seu mozo morto mentres Reva dicía cun aceno de tristura:

-Gañastes, romanos, esta terra será vosa ata a fin do voso tempo. Pero isto non acaba aquí- continuou mentres o gobernador ría cruelmente e o deus se acercaba ao

corpo do seu combatente- Ézaro- díxolle- ti serás único, e todos poderán admirar a túa beleza- e colleu o corpo e lanzouno o máis loxe que puido- E ti, Galicia, serás a alma desta terra: rebelde, salvaxe, libre, que nunca se doblará ante ninguén.

Dito isto, Galicia esvaeceuse no aire e Reva desapareceu. Os romanos volveron á súa cidade e os castrexos foron mirar onde caera Ézaro para enterralo, pero no lugar do seu corpo sen vida atoparon unha fermosa ferverza que caía directamente ao mar e puxéronlle o nome do rapaz adiviñando que aquilo era obra divina.

Os namorados agora están xuntos: un convertido nunha ferverza tan bela e única coma el e a outra, na auténtica alma galega que se atopa en cada recuncho da nosa terra e da nosa xente.

FIN

O contacontos da Quintana.